

Nome	DNI/NIF	Nº expt.	Precepto infrinx.	Último domicilio	Posible sanción
Ulises Criado Paz	33999059	LU-E 177/07	23 o) en relación co 26 e) LO 1/1992	R/ Nicolás Cora Montenegro 51, 3º B, Viveiro	Ata 310 €
<i>Cervecería Maima, S.L.</i>	B-27323963	LU-E 192/07	26 e) LO 1/1992	R/ Teodoro de Quirós 1, Viveiro	Ata 150 €
<i>Cervecería Maima, S.L.</i>	B-27323963	LU-E 176/07	26 e) LO 1/1992	R/ Teodoro de Quirós 1, Viveiro	Ata 150 €

Desígnase instrutor do expediente ao xefe da Sección de Xustiza, Administración Local e Xogo, Miguel Pazos González e secretario o xefe de grupo Constantino Alvar Cabido, podendo ser recusados en calquera momento da tramitación do expediente, de darse algún suposto dos que determina o artigo 29 da Lei 30/1992.

O interesado disporá dun prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta notificación, para poder examinar o expediente no Servizo de Xusticia, Administración Local e Interior desta delegación provincial, e para achegar por escrito cantas alegacións, documentos, informacións ou probas considere convenientes na defensa dos seus dereitos, podendo recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, tal como o establece o artigo 13 d) do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

No caso de que decida non efectuar alegacións no prazo indicado, este acordo de iniciación poderá ser considerado como proposta de resolución cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Real decreto 1398/1993, determinándose para estes efectos o importe da sanción.

Será competente para a resolución do expediente o delegado provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Lugo, segundo o establecido na Orde do 26 de setembro de 1996, da citada consellería (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de setembro) e o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 155, do 12 de agosto).

Lugo, 25 de xuño de 2007.

Luis Rodríguez Edrosa  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 2 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público, procedemento aberto e tramitación urxente, para a contratación dunha subministración de 55 gaitas tradicionais galegas.*

A Secretaría Xeral de Emigración, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar o concurso que a seguir se cita:

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Secretaría Xeral de Emigración.

1.2. Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Coordinación, Contratación e Xestión Orzamentaria.

1.3. Número de expediente: 5/2007.

2. Obxecto do contrato.

2.1. Descrición do obxecto: subministración de 55 gaitas tradicionais galegas.

2.2. Prazo de execución: a subministración realizárase como data límite o 30 de novembro de 2007.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

3.1. Tramitación: urxente.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación: sesenta mil euros (60.000 €), IVE incluído.

5. Garantía.

5.1. Garantía provisional: non se exige.

5.2. Garantía definitiva: o 4 % do importe de adxudicación.

6. Obtención da documentación e información: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta contratación estarán ao dispor dos interesados en:

6.1. Entidade: Secretaría Xeral de Emigración.

6.2. Enderezo: rúa Os Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela.

6.3. Teléfono: 981 54 72 81.

Telefax: 981 54 72 96.

6.4. Así mesmo, poderán obterse os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratacion>.

6.5. Data límite de obtención de documentos e información: durante o prazo de presentación de proposición en días e horas hábiles de oficina.

7. Requisitos específicos do contratista.

7.1. Clasificación: non se exige.

8. Presentación de ofertas.

8.1. Data límite de presentación das ofertas: as proposicións presentaranse entre as 9.00 e as 14.00 horas, en días hábiles, no prazo máximo de 8 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación

desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de coincidir o último día en sábado ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións finalizará o primeiro día hábil seguinte.

8.2. Documentación que hai que presentar: a que se indica no prego de cláusulas administrativas particulares.

8.3. Lugar de presentación:

a) Entidade: rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración.

b) Enderezo: rúa Os Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela.

c) Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (981 54 72 96) no mesmo día.

9. Apertura das ofertas.

9.1. Entidade: Secretaría Xeral de Emigración.

9.2. Enderezo: rúa Os Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela.

9.3. Data: o décimo segundo día natural contado a partir do seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que coincida en sábado ou festivo, a apertura destas terá lugar no día hábil seguinte.

9.4. Hora: ás 12.00 horas.

10. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2007.

Manuel Luis Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Resolución do 29 de xuño de 2007 pola que se anuncia a licitación do concurso, polo procedemento aberto, das asistencias técnicas de clave OU/06/088.01 e OU/02/001.01.2.*

1. Entidade adxudicadora:

Organismo: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Obras Públicas - Subdirección Xeral de Estradas.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: asistencia técnica para o control e vixilancia, incluído a de coordinador de segu-

ridade e saúde da obra: nova vía de conexión Rairo (CV-401) - Bemposta (OU-105).

Clave: OU/06/088.01.

Prazo de execución: 18 meses.

Orzamento base de licitación: noventa e nove mil douscentos cincuenta euros e setenta e seis céntimos (99.250,76 euros).

b) Descrición do obxecto: asistencia técnica para o control e vixilancia, incluído a de coordinador de seguridade e saúde da obra: mellora de acceso a Castrelo de Miño. Acondicionamento da OU-402 Castrelo de Miño - Ponte Castrelo e OU-403 Ponte Castrelo - Valdepereira.

Clave: OU/02/001.01.2.

Prazo de execución: 24 meses.

Orzamento base de licitación: cento cincuenta e dous mil oitocentos trinta e sete euros e oitenta e nove céntimos (152.837,89 euros).

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto. Forma: concurso.

4. Garantías que se lles exixen aos licitadores:

Exixirase unha garantía definitiva equivalente ao 4% do orzamento de adxudicación. Esta garantía poderá ser presentada na modalidade e polas persoas ou entidades que especifica a lexislación española vixente.

5. Obtención de documentación e información:

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, así como os pregos de prescricións técnicas particulares estarán de manifesto e á disposición dos concorrentes, para o seu exame durante o prazo de presentación das proposicións, os días e horas hábiles de oficina.

Entidade: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Domicilio: edificio administrativo San Caetano s/n, bloco 5-1ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Teléfono: 981 95 74 97.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratacion/>.

E na copistaría: *Copy Nino*, rúa Xeneral Pardiñas, 2, Santiago. Teléfono 981 58 89 38.

Data límite de obtención de documentos e información: durante o prazo de presentación de proposicións en días e horas hábiles de oficina.

6. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

Lugar de presentación: as proposicións deberán presentarse en sobre pechado no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e